



PROCEDEMENTO

**NOVO INGRESO/RESERVA DE PRAZA EN ESCOLAS INFANTÍS 0-3 CURSO 2013/2014**

TIPO DE SOLICITUDE

NOVO INGRESO

RESERVA DE PRAZA

DATOS DA/DO NENA/O

NOME

PRIMEIRO APELIDO

SEGUNDO APELIDO

DATA NACEMENTO

GRUPO DE IDADE AO QUE PERTENCE

GRUPO DE IDADE AO QUE ACCEDE

DISCAPACIDADE

SI

NON

DATOS DA NAI, PAI, ACOLLEDOR/A OU TITOR/A LEGAL

NOME

PRIMEIRO APELIDO

SEGUNDO APELIDO

DNI/NIE

ENDEREZO

LOCALIDADE

CÓDIGO POSTAL

PROVINCIA

CONCELLO

TELÉFONO FIXO

TELÉFONO MÓBIL

ENDEREZO ELECTRÓNICO

DATA DO ACOLLEMENTO (no caso de menores acollidas/os) INDIQUE O MEDIO DE COMUNICACIÓN PREFERENTE:

TELÉFONO

ENDEREZO ELECTRÓNICO

DATOS DA UNIDADE FAMILIAR

| APELIDOS E NOME<br>(Incluída/o a/o solicitante) | NIF/NIE | DATA DE NACEMENTO | PARENTESCO |
|---|---------|-------------------|------------|
|   |         |                   |            |
|   |         |                   |            |
|   |         |                   |            |
|   |         |                   |            |
|   |         |                   |            |
| Nº MEMBROS DA UNIDADE FAMILIAR                  |         |                   |            |

CIRCUNSTANCIAS FAMILIARES

Fillo/a de persoal do centro

Irmá/n con praza renovada ou de novo ingreso no centro

Familia acollidora

Familia numerosa

Familia monoparental

CENTROS SOLICITADOS POR ORDE DE PREFERENCIA

NOME DO CENTRO

HORARIO QUE SOLICITA (Límite 8 horas de asistencia dentro da xornada solicitada, agás o previsto no artigo 25.1 do RRI)

COMEDOR

1ª opción

Xornada continuada: de  h., a  horas

2ª opción

Xornada partida: de  h., a  horas e de  h., a  horas

Xornada de tarde: de  h., a  horas

Atención con comedor

Atención sen comedor

CANDIDATA/O A CHEQUE INFANTIL (só no caso de novo ingreso)

SI

NON

AUTORIZO ao Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar para que, conforme ao disposto no artigo 2.4º da orde do Ministerio de Economía e Facenda do 18 de novembro de 1999, solicite información da Axencia Estatal da Administración Tributaria en relación ao cumprimento das súas obrigas tributarias estatais. (Esta autorización prestarase para o caso de non ter presentada a declaración sobre o imposto da renda das persoas físicas correspondente ao exercicio 2011)

SI

En cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei Orgánica 15/1999 de protección de datos de carácter persoal, infórmoa/o de que os datos persoais recollidos nesta solicitude se incorporarán a un ficheiro para o seu tratamento, coa finalidade da xestión deste procedemento. Vostede pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición previstos na lei, mediante un escrito dirixido ao Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, rúa Amor Ruibal, n.º 30 - 32, baixo, 15702, Santiago de Compostela.

LEXISLACIÓN APLICABLE

Resolución do 28 de xaneiro de 2013, pola que se regula o procedemento de adxudicación de prazas nas escolas infantís 0-3 xestionadas polo Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar para o curso 2013/2014.

SINATURA DO SOLICITANTE

Lugar e data

 ,  de  de



**I.- SITUACIÓN SOCIOFAMILIAR**

- Número de membros que compoñen a unidade familiar.
- Número de membros que non formando parte da unidade familiar estean a cargo da mesma.
- Número de membros, incluída/o a/o solicitante, con enfermidade ou discapacidade.

Tipo de enfermidade ou discapacidade:

|  | Nai                      | Pai                      | Outros membros           |
|--|--------------------------|--------------------------|--------------------------|
| · Discapacidade  | <input type="checkbox"/> | <input type="checkbox"/> | <input type="checkbox"/> |
| · Enfermidade crónica que requira internamento periódico | <input type="checkbox"/> | <input type="checkbox"/> | <input type="checkbox"/> |
| · Alcoholismo ou drogodependencias                       | <input type="checkbox"/> | <input type="checkbox"/> | <input type="checkbox"/> |

- Condición de familia monoparental  SI  NON
- Ausencia do fogar familiar de ámbolos dous membros parentais  SI  NON
- Condición de familia numerosa  SI  NON
- Condición de fillo/a de persoal do centro  SI  NON
- Condición de familia acolledora  SI  NON

- Irmá/án con praza renovada ou de novo ingreso no centro para o vindeiro curso

| Nome da/o nena/o   | Centro ao que asiste                                     |
|--|--|
| <input style="width: 380px; height: 25px;" type="text"/> | <input style="width: 270px; height: 25px;" type="text"/> |
| <input style="width: 380px; height: 25px;" type="text"/> | <input style="width: 270px; height: 25px;" type="text"/> |

- Calquera outra circunstancia familiar grave

**II.- SITUACIÓN LABORAL FAMILIAR (Márquese cun X o que proceda)**

|                   | PAI  | NAI  |
|-------------------|--|--|
| OCUPACIÓN LABORAL | <input type="checkbox"/>                                 | <input type="checkbox"/>                                 |
| DESEMPREGO        | <input type="checkbox"/>                                 | <input type="checkbox"/>                                 |
| OUTRAS SITUACIÓNS | <input style="width: 260px; height: 25px;" type="text"/> | <input style="width: 260px; height: 25px;" type="text"/> |



### III.- DOCUMENTACIÓN QUE SE XUNTA

- Fotocopia do DNI ou outro documento acreditativo da identidade das/os nais/pais, acolledor/a ou representantes legais segundo proceda
- Fotocopia cotexada ou dixitalizada do libro de familia, no seu defecto outro documento que acredite oficialmente a situación familiar.
- Fotocopia cotexada do Título de Familia Numerosa
- No caso de nenas/os con discapacidade ou necesidades educativas especiais, informes do Equipo de Valoración e Orientación das Xefaturas Territoriais da Consellería competente na materia ou da Unidade de Atención Temperá segundo proceda
- Resolución de acollemento
- Certificado de empadramento da crianza e dun dos proxenitores ou representante legal que será expedido polo concello no que se sitúe a escola
- Nos casos de non estar censado no concello onde estea a escola, pero algún dos proxenitores ou representante legal da crianza teña o seu posto de traballo no municipio no que estea a escola, achegarase certificado da empresa, institución ou administración correspondente
- No caso de estar censado nun concello limítrofe a aquel onde radique a escola, certificado de empadramento do concello do que procede
- Certificación correspondente no caso de que algún membro da unidade familiar estea afectado de discapacidade física, psíquica ou sensorial, ou enfermidade que requira de internamento periódico ou padeza enfermidades crónicas ou outras afeccións alegadas polos membros da unidade familiar
- A condición de familia monoparental acreditarase coa fotocopia da sentenza de separación, divorcio, nulidade ou medidas paterno-filiais
- Outros documentos se procederen, nos que consten incidencias familiares, económicas e sociais susceptibles de puntuación no baremo. Informe dos Servizos Sociais do Concello ou da administración autonómica nos supostos de que sexa necesario por falta de acreditación documental suficiente ou pola situación especial en que viva a unidade familiar.
- Copia da última nómina ou xustificación da situación laboral no momento da solicitude con especificación da xornada laboral
- Certificación expedida polo SEPE acreditativa das prestacións percibidas, de ser o caso ou de estar inscrito como demandante de emprego
- No suposto de profesionais liberais e autónomas/os, certificado expedido pola Administración Estatal da Axencia Tributaria que acredite a alta no IAE e último recibo do pagamento de cota á Seguridade Social ou certificado da mutualidade profesional.
- Copia cotexada da declaración do IRPF do exercicio 2011 de todos os membros da unidade familiar. Para o suposto de que non se teña Presentada, a/o interesada/o deberá asinar a correspondente autorización ao Consorcio para obter da AEAT os datos de carácter tributario necesarios para a determinación da renda da unidade familiar. A estes efectos todos os membros con ingresos, que compoñen a unidade Familiar, deberán asinar a dita solicitude.
- No suposto de percibir pensión, certificado expedido polo Instituto Nacional da Seguridade Social ou da administración autonómica pagadora da mesma
- Nos casos de nulidade matrimonial, separación ou divorcio, considérase a renda de quen exerza a garda e custodia do/a menor e a pensión compensatoria que perciba o cónxuxe que a ostente e de alimentos das/os fillas/os ao seu cargo. No caso de non as percibiren, acreditarase esta circunstancia coa copia da reclamación xudicial presentada ao efecto.

### BAREMO

#### 1º.- SITUACIÓN SOCIOFAMILIAR

- 1.1.- Por cada membro da unidade familiar ..... 2 puntos.
- 1.2.- Por cada persoa que non formando parte da unidade familiar estea a cargo da mesma.....1 punto.
- 1.3.- No caso de que a nena/o para a/o que se solicita praza nacera nun parto múltiple ..... 1 punto.
- 1.4.- Por cada membro da unidade familiar, afectado por discapacidade, enfermidade que requira internamento periódico, alcoholismo ou drogodependencia 2 puntos.
- 1.5.- Pola condición de familia monoparental ..... 3 puntos.
- 1.6.- Por ausencia do fogar familiar de ámbolos dous membros parentais ..... 6 puntos.
- 1.7.- Pola condición de familia numerosa ..... 3 puntos.
- 1.8.- Outras circunstancias familiares debidamente acreditadas ..... ata 3 puntos.

#### 2º.- SITUACIÓN LABORAL FAMILIAR

- 2.1- Situación laboral de ocupación:
  - Nai ..... 5 puntos.
  - Pai ..... 5 puntos.
- 2.2- Situación laboral de desemprego:
  - Nai ..... 2 puntos.
  - Pai ..... 2 puntos.

#### 3º.- SITUACIÓN ECONÓMICA R.P.C. mensual da unidade familiar, referida ao indicador público de renda de efectos múltiples (IPREM) vixente :

- Inferior ao 30% do IPREM ..... +4 puntos.
- Entre o 30% e inferior ao 50 % do IPREM ..... +3 puntos.
- Entre o 50 % e inferior ao 75% do IPREM ..... +2 puntos.
- Entre o 75 % e inferior ao 100 % do IPREM ..... +1 puntos.
- Entre o 100% e inferior ao 125% do IPREM ..... -1 puntos.
- Entre o 125 % e inferior ao 150 % do IPREM ..... -2 puntos.
- Entre o 150% e o 200 % do IPREM ..... -3 puntos.
- Superior ao 200% do IPREM ..... -4 puntos.

\* No caso de obter igual puntuación, terán preferencia en primeiro lugar as solicitudes de xornada completa con servizo de comedor e despois da aplicación deste criterio daráselle prioridade á renda per cápita máis baixa.

\*Para efectos desta orde están a cargo da unidade familiar as persoas que convivindo no mesmo domicilio, teñen ingresos inferiores ao IPREM vixente

\*No caso de ausencia do fogar de ambos os dous membros parentais adxudicárase a puntuación máxima nos epígrafes 2º e 3º do baremo



Don/Dona

, con DNI/NIF nº

cónxuxe/parella do/a solicitante

**AUTORIZA:**

ao Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar para que, conforme ao disposto no artigo 2.4 da orde do Ministerio de Economía e Facenda do 18 de novembro de 1999, solicite da Axencia Estatal da Administración Tributaria os datos relativos ao cumprimento das súas obrigas Tributarias estatais, segundo o disposto no Decreto 255/2008, de 23 de outubro, polo que se simplifica a documentación para a tramitación dos Procedementos administrativos e se fomenta a utilización de medios electrónicos.

**SINATURA DO/DA CÓNXUXE/PARELLA**

Lugar e data

,

de

de



Don/Dona , con NIF/NIE nº

como solicitante da axuda do programa cheque infantil en escolas infantís 0-3 non sostidas con fondos públicos

**DECLARA BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE:**

- Que non ten solicitada nin recibiu outro tipo de axuda para este mesmo fin das distintas administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados.
- Que ten solicitadas ou concedidas as seguintes axudas de calquera administración ou doutros entes públicos ou privados para este mesmo fin:

| Estado solicitada/concedida) | Organismo | Data solicitude | Data resolución | Disposición |
|------------------------------|-----------|-----------------|-----------------|-------------|
|                              |           |                 |                 |             |
|                              |           |                 |                 |             |
|                              |           |                 |                 |             |
|                              |           |                 |                 |             |

E, para que así conste, asino a presente declaración no lugar e data abaixo indicados.

**SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE**

Lugar e data

,  de  de





Don/Dona

, con NIF/NIE nº

como solicitante da axuda do programa cheque infantil en escolas infantís 0-3 non sostidas con fondos públicos

**DECLARA BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE:**

- Estar ao día no cumprimento das obrigas coa Seguridade Social.
- Estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias e coa Comunidade Autónoma e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro.
- Autorizo á Dirección Xeral de Familia e Inclusión para que, conforme ao disposto no artigo 2.4º da orde do Ministerio de Economía e Facenda do 18 de novembro de 1999, solicite información da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Consellería de Facenda, en relación ao cumprimento das súas obrigas tributarias estatais e coa Comunidade Autónoma de Galicia.

E, para que así conste, asino a presente declaración no lugar e data abaixo indicados.

**SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE**

Lugar e data

de

de



**CADRO DE PREZOS DAS ESCOLAS INFANTÍS 0-3 DA CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR**

Estos prezos actualizaranse para o curso 2013/2014 na mesma proporción que a variación interanual positiva experimentada polo índice xeral de prezos de consumo para a Comunidade Autónoma de Galicia ( IPC) no mes de xuño , mediante resolución, que se publicará no DOG.

| Tramos de renda per cápita  |          |            | Atención educativa | Atención educativa con comedor | Horario ampliado/<br>Hora |
|---|----------|------------|--------------------|--------------------------------|---------------------------|
| Contías en función do indicador público de renda de efectos múltiples (IPREM) | Contías  |            |                    |                                |                           |
|   | Dende    | ata        |                    |                                |                           |
| Inferior ao 30 % do IPREM   | 0,00 €   | 159,74 €   | 0                  | 0                              | 20,00 €                   |
| Entre o 30 % do IPREM e inferiores ao 50 % do IPREM                           | 159,75 € | 266,25 €   | 0                  | 16,50 €                        | 20,00 €                   |
| Entre o 50% do IPREM e inferiores ao 75% do IPREM                             | 266,26 € | 399,37 €   | 33,00 €            | 49,50 €                        | 20,00 €                   |
| Entre o 75% do IPREM e inferiores ao 100% do IPREM                            | 399,38 € | 532,50 €   | 66,00 €            | 91,00 €                        | 20,00 €                   |
| Entre o 100% do IPREM e inferiores ao 125% do IPREM                           | 532,51 € | 665,63 €   | 106,00 €           | 141,00 €                       | 20,00 €                   |
| Entre o 125% do IPREM e inferiores ao 150% do IMPREM                          | 665,64 € | 798,76 €   | 126,00 €           | 176,00 €                       | 20,00 €                   |
| Entre o 150% do IPREM e o 200% do IPREM                                       | 798,77 € | 1.065,02 € | 139,00 €           | 199,00 €                       | 20,00 €                   |
| Superiores ao 200 % do IPREM  | Máis de  | 1.065,02 € | 160,00 €           | 230,00 €                       | 20,00 €                   |

Prezo comedor por días soltos: 4 €/día

| DESCONTOS (non acumulables entre si) |                            |
|--------------------------------------|----------------------------|
| Familia numerosa                     | 20%                        |
| Familia monoparental                 | 20%                        |
| Varios irmans no centro              | 20 % o segundo e sucesivos |
| Ingreso despois do día 15 do mes     | 50% da cota                |

| SUSPENSIÓN TEMPORAL DA COTA                           |  |
|---|--|
| Situación   | Período de suspensión  |
| Vacacións do neno/a                                   | O mes de vacacións anual   |
| Falta de asistencia por causa debidamente xustificada | Suspensión da cota a partir do 1º día do mes natural seguinte á data de ausencia. Duración da suspensión ata o 1º día do mes natural de reincorporación. Reincorporacións a partir do día 15 do mes, 50 % da cota. |

## **NOTA INFORMATIVA PROGRAMA CHEQUE INFANTIL 2013/2014**

Aquelas persoas que, unha vez finalizado o período de matrícula, continúen en listaxe de agarda ou ben residan ou traballen en lugares onde non exista oferta de prazas públicas de escolas infantís poderán optar á modalidade de cheque infantil.

As condicións de acceso, importes económicos e centros autorizados para esta modalidade serán reguladas por unha orde da Consellería de Traballo e Benestar.



## RESOLUCIÓN DA XERENCIA DO CONSORCIO GALEGO DE SERVIZOS DE IGUALDADE E BENESTAR POLA QUE SE ANUNCIA O PRAZO DE RESERVA DE PRAZA, PREINSCRIPCIÓN DE NOVO INGRESO E MATRÍCULA DE USUARIAS/OS DAS ESCOLAS INFANTÍS PARA O CURSO 2013/2014

A Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais, inclúe, no seu artigo 3º.e), como un dos obxectivos do sistema galego de servizos sociais, proporcionar oportunidades e recursos que garantan a igualdade entre mulleres e homes e posibiliten a conciliación entre a vida persoal, familiar e laboral e, no artigo 3º.i), garantir o apoio ás familias como marco de referencia no que se desenvolven as persoas.

O Consorcio ten como misión primordial a participación na dirección, avaliación e control da xestión dos servizos sociais de ámbito local, con especial atención na xestión integral das escolas infantís e na atención educativa e asistencial aos nenos e nenas menores de tres anos na forma de recursos, equipamentos, proxectos, programas e prestacións, e no ámbito territorial dos municipios que o compoñen, co obxecto de garantir o acceso de todos os galegos e galegas a uns servizos sociais públicos de calidade, a través dunha oferta de recursos suficiente e equilibrada territorialmente, que contribúa a reforzar a igualdade de oportunidades na utilización da rede social de atención, segundo o disposto no artigo 6 dos estatutos do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar.

Conforme o exposto,

### RESOLVO

#### Artigo 1. Obxecto

A presente resolución ten por obxecto regular o procedemento de adxudicación de prazas nas escolas infantís 0-3 xestionadas polo Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar e integradas na Rede de Escolas Infantís de Galicia "A Galiña Azul" para o curso 2013/2014.

A relación das escolas infantís xestionadas polo Consorcio xunto cos seus enderezos e horarios de apertura publicarase nas páxinas web <http://www.igualdadebenestar.org> e <http://www.escolasinfantis.net>.

#### Artigo 2. Requisitos para ser adxudicatario/a.

Serán requisitos imprescindibles para ser adxudicatario/a de prazas nas escolas infantís 0-3 xestionadas polo Consorcio:

1. Que a/o nena/o estea nada/o no momento da presentación da solicitude
2. Que teña unha idade mínima de tres meses no momento do ingreso
3. Que non teña cumpridos os tres anos de idade ao 31 de decembro de 2013.

Non obstante, poderá eximirse do límite de idade dos 3 anos ás nenas e aos nenos con necesidades específicas de apoio educativo, logo da emisión do ditame do equipo de orientación específica da Xefatura Territorial da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria correspondente, a petición das/os nais/pais ou representantes

legais e a través da escola onde soliciten a praza.

Para a reserva de praza é requisito imprescindible estar ao corrente no pagamento das cotas mensuais na data de presentación da solicitude.

### Artigo 3. Criterios de prioridade para a adxudicación das prazas

As prazas vacantes nas Escolas Infantís xestionadas polo Consorcio adxudicaranse pola seguinte orde:

#### A. Reserva de praza:

As nenas e os nenos escolarizadas/os durante o curso 2012/2013 terán dereito preferente á renovación da súa praza sempre que reúnan os requisitos establecidos no artigo 2.

#### B. Novo ingreso: As prazas adxudicaranse pola seguinte orde:

1º. As/os fillas/os do persoal que preste servizo na escola para a que solicitan praza.

2º. As/os solicitantes con irmá/án con praza (renovada ou de novo ingreso) no centro para o que solicitan a praza.

3º. As/os menores con medidas administrativas de tutela ou garda en situación de acollemento familiar

4º. As prazas vacantes serán adxudicadas ás persoas solicitantes segundo a puntuación obtida pola aplicación do baremo que figura no anexo II. Esta puntuación determinará a orde de relación na adxudicación de prazas.

### Artigo 4. Horario e calendario das escolas.

#### 1. Horario:

O horario das escolas infantís xestionadas polo Consorcio será o establecido na relación de escolas que ofertan prazas para o curso 2013/2014, publicada nas páxinas web <http://www.igualdadebenestar.org> e <http://www.escolasinfantis.net>.

#### 2. Calendario

As escolas permanecerán abertas de luns a venres, excluídos os días considerados festivos no calendario laboral e os días 2, 3 e 4 de setembro e 24 e 31 de decembro.

O curso dará comezo o día xoves 5 de setembro.

### Artigo 5. Solicitudes e documentación.

#### 1. As/os interesadas/os poderán solicitar praza a través do modelo normalizado recollido nesta resolución:

##### a) Reserva de praza

Para a reserva de praza as/os interesadas/os presentarán a solicitude segundo o modelo oficial Anexo I desta resolución, sinalando a casíña correspondente.

##### b) Novo ingreso

Para as solicitudes de novo ingreso presentase o modelo oficial segundo o Anexo I desta resolución, sinalando a casíña correspondente. Poderase solicitar praza para máis dunha escola indicando a orde de preferencia naqueles concellos onde exista máis dunha escola. O Consorcio non estará vinculado polos criterios de preferencia sinalados na solicitude.

As/os solicitantes tanto de reserva de praza como de novo ingreso, interesadas/os en participar no



programa Cheque Infantil, deberán cubrir o apartado correspondente no anexo I desta resolución e ademais presentar:

- a) Declaración de non percibir outras axudas para o mesmo concepto, ou de percibilas coa indicación da súa contía (anexo IV)
- b) Declaración responsable de estar ao días nas obrigas tributarias e coa Comunidade Autónoma, non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro e de estar ao día coa Seguridade Social, así como autorización á Dirección Xeral de Familia e Inclusión para que solicite a dita información á Axencia Estatal de Administración Tributaria e á Consellería de Facenda, en relación ao cumprimento das ditas obrigas tributarias estatais e coa Comunidade Autónoma de Galicia, conforme ao disposto no artigo 2.4º da orde do Ministerio de Economía e Facenda do 18 de novembro de 1999.

As/os solicitantes de novo ingreso deberán cumprimentar o Anexo II e achegar á súa solicitude a documentación que corresponda a súa situación.

De carecer de acreditación documental dalgunha das incidencias alegadas neste artigo, poderase presentar informe dos servizos sociais do concello correspondente. A falta de presentación dalgún destes documentos dentro do prazo de solicitude establecido suporá a renuncia implícita a ser valorado no apartado correspondente do baremo aplicable.

Así mesmo, cando non se tivese presentado a declaración da renda, a/o solicitante marcará a casilla no apartado correspondente do anexo I, autorizando coa súa sinatura que o Consorcio solicite a información da Axencia Estatal de Administración Tributaria en relación ao cumprimento das súas obrigas tributarias estatais. Para o suposto de que a/o outra/o proxenitora/proxenitor ou representante legal estivese nas mesmas circunstancias asinará a autorización que consta no Anexo III.

Os impresos facilitaranse nos propios centros nos que se solicite praza e nos enderezos electrónicos <http://www.igualdadebenestar.org> e <http://www.escolasinfantis.net>.

#### Artigo 6. Lugar e prazo de presentación das solicitudes.

1. As solicitudes de novo ingreso xunto coa documentación requirida (anexo II) e demais anexos se proceder, presentarase na escola para a que se solicita a praza.
2. No suposto de reserva de praza no que se solicite unha escola distinta a aquela na que estea matriculada a/o nena/o, a solicitude presentarase nesta escola, indicando o centro para o que solicita a reserva de praza. Isto será de aplicación cando se trate de escolas nun mesmo concello de conformidade co previsto no artigo 14.2 A) do Regulamento de réxime interno das Escolas Infantís xestionadas polo Consorcio.

O anterior será de aplicación sen prexuízo do disposto no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (BOE núm. 285, do 27 de novembro) modificado pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro (BOE núm. 16, do 19 de xaneiro e BOE núm. 30, do 4 de febreiro), en adiante LRX-PAC.

O prazo para a presentación das solicitudes tanto de reserva de praza como de novo ingreso será dende o día 21 de febreiro ao 21 de marzo, ambos os dous incluídos.

Excepcionalmente poderanse presentar solicitudes fóra do prazo sinalado no parágrafo anterior nos seguintes casos:



- a) Nacemento, acollemento ou adopción da/o nena/o con posterioridade ao prazo de presentación de solicitudes
- b) Cambio de concello de residencia da unidade familiar

As solicitudes presentadas fóra de prazo deberán ir xunto coa xustificación acreditativa da circunstancia que as motiva.

Artigo 7. Tramitación e avaliación das solicitudes. Publicación das listaxes provisionais e definitivas.

As Direccións ou unidades administrativas que xestionen este procedemento comprobarán que as solicitudes reúnen os requisitos recollidos nesta resolución. De non ser así, requirirase á persoa interesada para que, nun prazo de dez días, emende a falta ou achegue os documentos preceptivos, con indicación de que, se non o fixera así, se terá por desistida/o da súa petición, logo da resolución segundo o disposto no artigo 71.1º da LRX-PAC.

Na tramitación das solicitudes estarase ao previsto nos artigos 15 e 17 do Regulamento de Réxime Interior, sendo que a selección das solicitudes efectuarase en función da puntuación acadada segundo o baremo establecido no anexo II. No caso de obter igual puntuación, terán preferencia en primeiro lugar as solicitudes de xornada completa con servizo de comedor e despois da aplicación deste criterio daráselle prioridade á renda per cápita máis baixa.

A relación provisional de admitidas/os e lista de agarda, coa puntuación obtida, farase pública o día 2 de maio e poderase consultar na escola infantil, así como nas páxinas web <http://www.igualdadebenestar.org> e <http://www.escolasinfantis.net>.

As/os solicitantes poderán efectuar as reclamacións que consideren oportunas no prazo dos dez días naturais posteriores á data da exposición pública da relación provisional, que abranguerá desde o día 3 ao día 12 de maio ambos os dous incluídos.

Estas reclamacións entenderanse resoltas coa publicación da lista definitiva.

Artigo 8. Relación definitiva de adxudicatarias/os de praza.

1. A relación definitiva coa puntuación poderase consultar desde o día 27 de maio nas escolas infantís así como nas páxinas web <http://www.igualdadebenestar.org> e <http://www.escolasinfantis.net>.
2. Na relación definitiva de admitidas/os e listaxe de agarda estarán incluídas as solicitudes presentadas fóra de prazo con xustificación que teñan entrada con anterioridade á data de publicación da relación provisional de admitidas/os.
3. Contra esta resolución, que non esgota a vía administrativa, poderá interpoñerse recurso de alzada ante á Presidencia do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, no prazo dun mes desde o día seguinte ao da publicación da resolución da Xerencia do Consorcio pola que se fan públicas as listas definitivas de persoas admitidas e de agarda nas páxinas web <http://www.igualdadebenestar.org> e <http://www.escolasinfantis.net>.
4. As/os solicitantes admitidas/os disporán dende o día 28 de maio ata o día 12 de xuño, ambos os dous incluídos, para matricularse presentando no centro onde obtivesen praza o impreso de matrícula debidamente cuberto xunto coa documentación prevista no artigo 19

do RRI.

O impreso de matrícula facilitarase nos propios centros, así como nas páxinas web <http://www.igualdadebenestar.org> e <http://www.escolasinfantis.net>.

5. A formalización da matrícula no prazo sinalado é imprescindible para confirmar a praza. Se non se realiza a matrícula da/o nena/o no prazo sinalado, considérase decaída/o na súa solicitude.
6. As/os solicitantes con praza concedida que renuncien á mesma quedarán excluídas/os de calquera outra praza pública de escola infantil da Xunta de Galicia. Así mesmo, unha/un nena/o só poderá ser adxudicatario/a dunha praza pública de escola infantil da Xunta de Galicia.

Artigo 9. Listaxe de agarda e cobertura das prazas vacantes.

Na xestión da listaxe de agarda e cobertura das prazas vacantes estarase ao previsto no artigo 21 do RRI.

Artigo 10. Prezos públicos



Para o curso escolar 2013/2014 será de aplicación o Decreto 49/2012, do 19 de xaneiro, polo que se aproba o réxime de prezos das escolas infantís 0-3 dependentes da Consellería de Traballo e Benestar.

Disposición derradeira

A presente resolución entrará en vigor o día da publicación do anuncio no Diario Oficial de Galicia polo que se fai pública a resolución da Xerencia do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar pola que se anuncia o prazo de reserva de praza, preinscrición de novo ingreso e matrícula das Escolas Infantís xestionadas polo Consorcio.

Santiago de Compostela, a 28 de xaneiro de 2013

O xerente do Consorcio Galego de  
Servizos de Igualdade e Benestar



**CONSORCIO  
GALEGO**  
de Servizos de Igualdade e Benestar

Roberto Rodríguez Martínez





## CORRECCIÓN DE ERROS DA RESOLUCIÓN DA XERENCIA DO CONSORCIO GALEGO DE SERVIZOS DE IGUALDADE E BENESTAR POLA QUE SE ANUNCIA O PRAZO DE RESERVA DE PRAZA, PREINSCRICIÓN DE NOVO INGRESO E MATRÍCULA DE USUARIAS/OS DAS ESCOLAS INFANTÍS PARA O CURSO 2013/2014 E OS SEUS ANEXOS

Advertidos erros na resolución da Xerencia do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar pola que se anuncia o prazo de reserva de praza, preinscrición de novo ingreso e matrícula de usuarias/os das escolas infantís para o curso 2013/2014, cómpre efectuar as seguintes correccións:

**PRIMEIRA.**No artigo 5 da resolución onde di: "As/os solicitantes tanto de reserva de praza como de novo ingreso, interesadas/os en participar no programa Cheque Infantil, deberán cubrir o apartado correspondente no anexo I desta resolución e ademais presentar".

Debe dicir: "As/os solicitantes de novo ingreso interesadas/os en participar no programa Cheque Infantil, deberán cubrir o apartado correspondente no anexo I desta resolución e ademais presentar".

**SEGUNDA.**No artigo 6 da resolución onde di: "O prazo para a presentación das solicitudes tanto de reserva de praza como de novo ingreso será dende o día 21 de febreiro ao 21 de marzo, ambos os dous incluídos".

Debe dicir: "O prazo para a presentación das solicitudes tanto de reserva de praza como de novo ingreso será dende o día 21 de febreiro ao 20 de marzo, ambos os dous incluídos".


**TERCEIRA.** Na autorización contida no anexo I suprímese o seguinte: "esta autorización prestarase para o caso de non ter presentada a declaración sobre o imposto da renda das persoas físicas correspondente ao exercicio 2011".

Na relación de "documentación que se xunta" no apartado 3º do Anexo II onde di: "Copia cotexada da declaración do IRPF do exercicio 2011 de todos os membros da unidade familiar. Para o suposto de que non se teña presentada, o/a interesado/a deberá asinar a correspondente autorización ao Consorcio para obter da AEAT os datos de carácter tributario necesarios para a determinación da renda da unidade familiar. A estes efectos todos os membros con ingresos, que compoñen a unidade familiar, deberán asinar a dita solicitude".

Debe dicir: "Copia cotexada da declaración do IRPF do exercicio 2011 de todos os membros da unidade familiar, só no caso de non autorizar a consulta directamente polo Consorcio. Para o suposto de que non se teña presentada, o interesado deberá asinar a correspondente autorización ao Consorcio para obter os datos de carácter tributario necesarios para a determinación da renda da unidade familiar. Para ambos efectos, todos os membros con ingresos que compoñen a unidade familiar deberán asinar a dita solicitude".

Os anexos I e II adaptados á presente corrección son os que está a disposición de todas as persoas usuarias na páxina web do Consorcio.

Santiago de Compostela, 25 de febreiro de 2013



**CONSORCIO  
GALEGO**  
de Servizos de Igualdade e Benestar